

Esquema para o comentario dunha cliserie

Basicamente é un esquema dos puntos da practica do libro, ao final do tema 3 pero cos engadidos do solo e algunha orientación.

- 1º **Introdución:** identificar o que se vai a comentar, os elementos dos que consta a cliserie e que vamos a empregar no noso comentario.
 - Definición.
 - Elementos: Cifras de altitude, eixes, pisos ou franxas, cores e símbolos (que representan especies vexetais).
- 2º **Análise dos pisos vexetais:** recoñecer o piso basal e sucesivos, agora ou ben á vez que comentamos cada piso por separado iremos introducindo os factores que inflúen na distribución da vexetación:
 - **Altitude:** $a + \text{altura} = \text{descenso térmico}$ (lembra 0,6º cada 100 m), pero tamén aumento das precipitacións (ao ascender o aire arrefría e perde capacidade para soportar humidade polo que precipita) (coa excepción de que chegada a certa altura en algunhas montañas o aire perde case toda a humidade e xa non adoita chover, como é o caso do Teide), o vento tamén adoita ser máis forte cara o cumio.
 - **Orientación:** o barlovento é máis húmido pois recibe o aire e o abriga a subir, o sotavento é máis seco polo efecto Föhn (o aire descende seco pola aba, e comeza a quentarse conforme baixa). A solaina ao sur é máis cálida e seca, o aveseado cara ó norte é máis húmido e frío.
 - **O solo:** *breve comentario sobre os solos que hai en cada zona e se son propicios para as especies vexetais. Isto pode ir aquí ou no proceso de comentar os diferentes pisos.*
 - *En Canarias son característicos os solos areentos e os volcánicos basálticos que se caracterizan por ser pouco produtivos para a explotación, aínda que tamén hai no Teide solos azonais de pendente.*
 - *Nos Pirineos predominan as terras pardas calcarias que poden ser boas para os prados, pero tamén os solos rendziformes.*
Hai que ter en conta a redución do horizonte do solo en altura pola erosión, que se produce nas montañas pola pendente, provocando horizontes máis finos cara o cumio e máis grosos na base (isto afecta á vexetación porque é na terra onde se asentaban as especies vexetais, e moitas veces no cumio non pode haber especies de gran desenvolvemento porque o solo non é suficiente para sosteñer as raíces).
- 3º **Caracterizar as formacións vexetais** que se suceden nos diferentes pisos:
 - Comentar límites de altitude das formacións vexetais e se existen diferenzas entre unha vertente e outra.
 - Comentar as especies vexetais: características, as súas preferencias, condicións de asentamento e climáticas...
- 4º **Determinar a zona xeográfica da cliserie:**
 - Neste apartado ou ten que ser dos Pirineos ou do Teide, explicáramos por que pertence a unha ou a outra sen reiterarmos moito no que xa se comentou nos apartados anteriores (aquí nos apoiaremos nas formacións exclusivas de cada montaña por exemplo a laurisilva no Teide).
- 5º **Conclusión:**
 - Aproveitamento das especies vexetais, o uso que se lle dá ou podería dar (mobles, papel... o que lle corresponda a cada especie, que aparece no libro no apartado das paisaxes vexetais), tamén o uso do entorno (turismo, ocio...)
 - A influencia humana na vexetación: introdución de especies alóctonas, repoboacións...